



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo comité de expertos composto pola enxeñeira industrial do Servizo de Electromecánicos, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e a xefa da Inspección de Tributos o 15 e 16 de xullo de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% a aplicar aos prezos unitarios sen IVE previstos no apartado 3.G das FEC	nº horas anuais a disposición do servizo en horario ordinario (de luns a venres entre as 6:00h e as 22:00h) sen custo para o Concello (máximo 600 horas anuais)
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	0%	0

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Compróbase na sesión que a oferta presentada non contén valores anormais de acordo co previsto na cláusula 18 do PCAP e, en cumprimento do establecido na cláusula 16.3 do PCAP a Mesa outórgalle a máxima puntuación segundo o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:

	Licitador	% a aplicar aos prezos unitarios sen IVE previstos no apartado 3.G das FEC	nº horas anuais a disposición do servizo en horario ordinario (de luns a venres entre as 6:00h e as 22:00h) sen custo para o Concello (máximo 600 horas anuais)	Total
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	45 puntos	10 puntos	55 puntos



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Tendo en conta a puntuación outorgada na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	44 puntos	55 puntos	99 puntos

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	G.O.C., S.A.	291.973,00
2	GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.	299.697,33
3	UTE PROYFE - ZUBIA LEPANTO	291.126,00
4	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	299.566,16
5	UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA, S.L. - INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	300.781,18
6	UTE DEVIARIOS-INGENIA ACTIVIDADES DE INGENIERÍA Y OBRA CIVIL	294.636,59
7	UTE EPTISA-K2	293.973,75
8	UTE GALAICONTROL, S.L. Y G.P.O. INGENIERIA, S.L.	289.338,61
9	UTE INRUPRE-VISOIN	301.082,94
10	UTE TEMHA - NOEGA	296.420,53
11	UTE URBING, PROYECTOS DE URB. E ING. CIVIL, S.L. - INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L.	294.338,72

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 10:13	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AC4E-CBD8BA-E9E8AH-HFTMGH-ABB1FA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 9 de xullo de 2020, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. ORECO, S.A.U.

Durante o prazo concedido, só presentou documentación CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 15 e 16 de xullo de 2020 a enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. ORECO, S.A.U.

### **9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 17 de xullo de 2020 de valoración do sobre C *“proposición avaliábeis mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)**

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 16 de xullo de 2020 de valoración do sobre C *“proposición avaliábeis mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### **10.- Propostas de clasificación/clasificación**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 10:13	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AC4E-CBD8BA-E9E8AH-HFTMGH-ABB1FA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 15 e 16 de xullo de 2020 pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. ORECO, S.A.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	89,88
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	81,63
3	UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L.	80,40
4	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	70,32

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación
-------------	------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 10:13	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AC4E-CBD8BA-E9E8AH-HFTMGH-ABB1FA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,22
2	ORECO, S.A.	96,11
3	GROMA OBRAS, S.L.	87,81
4	LAPATIAN, S.L.	79,54

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**c) Procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224)**

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	99 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 10:13	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AC4E-CBD8BA-E9E8AH-HFTMGH-ABB1FA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		